

DÍA DAS ESCRITORAS 2023


FEMININO E PLURAL



MULLERES
ESCRITORAS

16

OUTUBRO



ESCOLMA TEXTUAL DE ESCRITORAS GALEGAS

Índice

LIMIAR.....	2
Manifesto de Soutomaior.....	2
PRESENTACIÓN.....	6
Marilar ALEIXANDRE.....	7
An ALFAYA.....	9
Rosa ANEIROS.....	10
Carmen BLANCO.....	11
Begoña CAAMAÑO.....	12
Marica CAMPO.....	14
Esther F. CARRODEGUAS.....	14
Fina CASALDERREY.....	15
Rosalía FERNÁNDEZ RIAL.....	15
Alicia FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ.....	18
Montserrat FERREIRA FERVENZA.....	18
Lupe GÓMEZ.....	19
Andrea MACEIRAS.....	20
Marleen MALONE.....	20
Marina MAYORAL.....	21
Irene MONTERO.....	22
María Victoria MORENO.....	23
Soledad PITE SANJURJO.....	24
Arantza PORTABALES SANTOMÉ.....	24
María Xosé QUEIZÁN.....	27
María REIMÓNDEZ.....	28
Eli RÍOS.....	29
ROSANEGRA Rosa Martínez Vilas.....	29
Chelo SUÁREZ.....	29
Marga do VAL.....	30
Rexina VEGA.....	30
Carmen VILLAR ALONSO.....	31
Antía YÁÑEZ.....	32

LIMIAR

Manifesto de Soutomaior

Declaración de mulleres autores e editoras galegas

As primeiras declaracións polos dereitos das mulleres publícanse a finais do século XVIII. Olympe De Gouges faino en 1791 coa Declaración dos dereitos da muller, e a cidadá Mary Wollstonecraft en 1792 con Vindicación dos dereitos da muller (1792). Cincuenta anos máis tarde, en 1848, tivo lugar en Seneca Falls (Nova York) a primeira convención sobre os dereitos da muller nos Estados Unidos. Estivo organizada e liderada por Lucretia Mon e Elizabeth Cady Stanton e reuniu ao redor de setenta mulleres significativas e trinta homes que estudaron as condicións e os dereitos sociais, civís e relixiosos da muller. Ao termo da asemblea redactaron un texto cuxo modelo e a *Declaración de independencia* e que se publicou como *Declaración de Seneca Falls* (ou *Declaración de sentimentos*, como elas a chamaron, un documento no que denunciaban as restricións, sobre todo políticas, ás que estaban sometidas as mulleres: non poder votar, nin presentarse a eleccións, nin ocupar cargos públicos, nin afiliarse a organizacións políticas nin asistir a reunións políticas.

Con todo 1848 quedou glorificado para a historia como o ano do nacemento do *Manifesto comunista* de Marx e Engels e soterrado como o ano do nacemento do primeiro movemento feminista organizado en América.

A declaración consta de doce decisións, das que once delas se aprobaron por unanimidade e a número doce, a que fai referencia ao voto, por unha pequena maioría.

En España as autores do primeiro manifesto feminista foron Margarita Pérez de Celis e Josefa Zapata. Xuntas fundaron, desde 1856 ata 1866, varias revistas coñecidas máis tarde como *Os Pensiles*, nelas Margarita asinaba como directora. En 1857 publicaron por entregas unha serie de artigos baixo o título *A muller e a sociedade*, considerado o primeiro manifesto feminista de España. Os poderes relixiosos e políticos da cidade ordenaron un tras outro o peche das súas publicacións. Ata o regreso da democracia a España non se estudaron as súas figuras.

Século e medio despois, e tras conseguir o dereito ao voto e o recoñecemento de dereitos civís e laborais, a discriminación das mulleres continúa en todos os espazos públicos e privados. Neste Manifesto, que toma como exemplo o de Seneca Falls e o legado de insignes escritoras e feministas galegas que na tarde deste 8 de novembro de 2021 se reuniron en Soutomaior con María Vinyals á cabeza, denunciámos a situación de desigualdade que se vive no mundo literario e editorial galego e tomamos, como Seneca Falls, DOCE DECISIONS que serán o motor de traballo futuro para conseguir a igualdade.

No mundo editorial e literario galego a situación das autoras e editoras é, aínda, desalentadora.

-Actualmente tan só 6 mulleres ocupan unha das 30 cadeiras da Real Academia Galega. Igual de escandalosas son as cifras de representación das mulleres na Real Academia Española. En toda a súa historia só 11 mulleres foron —ou son— académicas.

-As autoras dos distintos xéneros obteñen menos premios que os homes.

-Existe unha ausencia case total de mulleres críticas literarias que ocupen espazos relevantes de opinión.

-Só 6 mulleres foron homenaxeadas no Día das Letras Galegas fronte a 56 homes. Ata 2019 só eran 5.

-Moi poucas mulleres ocupan o posto de dirección e liderado nas grandes editoriais galegas; pola contra, son mulleres as que dirixen as editoriais máis pequenas, soportando a presión e as dificultades que hoxe vive o mundo editorial e recibindo escasas axudas públicas

-As mulleres teñen escasa representatividade na dirección de organismos públicos culturais e de festivais

-A nivel estatal as obras asinadas por mulleres no ISBN en 2020 representan o 36 % fronte ao case 64 % das rexistradas por homes, segundo un informe do Ministerio de Cultura dese mesmo ano. En xéneros como o ensaio a brecha é moito maior: 13.672 títulos publicados por autores fronte a 6.185 de autoras. O Premio Cervantes tan só galardoou 4 mulleres fronte a 38 homes

- A nivel internacional o máis prestixioso dos premios literarios, o Nobel de Literatura, concedéuselle só a 15 mulleres desde a súa creación en 1901 ata o ano 2020 fronte a 100 homes. Polo que

DENUNCIAMOS

DENUNCIAMOS que non formamos parte en igualdade de representación, salvo excepcións, nos xurados dos principais concursos literarios e de dramaturxia convocados.

DENUNCIAMOS que non formamos parte en igualdade de representación da Real Academia Galega.

DENUNCIAMOS que tampouco se premian as nosas obras por igual, nin somos homenaxeadas por igual, sendo esencialmente grave a ausencia de mulleres no Día das Letras Galegas.

DENUNCIAMOS que as escritoras galegas se estudan de forma insuficiente e marxinal en colexios, institutos e universidades.

DENUNCIAMOS a escasa representación en antoloxías de diversos xeneros editadas.

DENUNCIAMOS que non se nos dedican tantas recensións críticas nin ocupamos o mesmo espazo en suplementos culturais.

DENUNCIAMOS a ausencia case total de mulleres críticas literarias que ocupen espazos relevantes de opinión. Os que deciden a calidade do literario seguen a ser homes, eles son os que realizan a construción “do bo”.

DENUNCIAMOS a falta de representación pública en igualdade das escritoras galegas en calquera acto e actividade cultural relacionada coa literatura: conferencias, mesas redondas, feiras do libro etc.

DECIDIMOS

1.º Esixir que se cumpra o artigo 26 do capítulo 2 da Lei de igualdade que citamos a continuación:

“1. As autoridades públicas, no ámbito das súas competencias, velarán por facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes en todo o concernente á creación e produción artística e intelectual e a súa difusión .

2. Os distintos organismos, axencias, entes e demais estruturas das administracións públicas que de modo directo ou indirecto configuren o sistema de xestión cultural, desenvolverán as seguintes actuacións:

a) Adoptar iniciativas destinadas a favorecer a promoción específica das mulleres na cultura e a combater a súa discriminación estrutural e/ou difusa

b) Políticas activas de axuda á creación e produción artística e intelectual de autoría feminina, traducidas en incentivos de natureza económica, co obxecto de crear as condicións para que se produza unha efectiva igualdade de oportunidades

c) Promover a presenza equilibrada de mulleres e de homes na oferta artística e cultural pública

d) Que se respecte e se garanta a representación equilibrada nos distintos órganos consultivos, científicos e de decisión existentes no organigrama artístico e cultural

e) Adoptar medidas de acción positiva para a creación e a produción artística e intelectual das mulleres, propiciando o intercambio cultural, intelectual e artístico, tanto nacional como internacional, e a subscrición de convenios cos organismos competentes

f) En xeral, e ao amparo do artigo 11 desta lei, todas as accións positivas necesarias para corrixir as situacións de desigualdade na produción e creación intelectual artística e cultural das mulleres”

2.º Esixir paridade nos xurados dos premios literarios que se realicen en Galicia, tanto organizados por institucións públicas coma privadas.

3.º Esixir paridade nas edicións de antoloxías e de compilacións de obras de escritoras e escritores galegos editadas por institucións públicas e privadas.

4.º Esixir a inclusión obrigatoria das escritoras galegas e as súas obras nos plans de estudo de colexios, institutos e universidades galegas.

5.º Esixir o recoñecemento das obras das escritoras galegas e da súa traxectoria literaria mediante premios, actos de homenaxe, adxudicación de nomes de rúas en distintos municipios e creación de monumentos e esculturas dedicadas a elas e ás súas obras, tanto en espazos públicos coma privados.

6.º Esixir que as cadeiras ocupadas nos vindeiros dez anos na Real Academia Galega o sexan por mulleres.

7.º Esixir que nos próximos dez anos o Día das Letras Galegas homenaxe as mulleres.

8.º Esixir a incorporación de novos contidos curriculares en todas as etapas educativas. Deberanse incluír coñecementos sobre mulleres referentes en todos os ámbitos da historia da humanidade, entre elas escritoras e editoras.


- 9.º Destacar a ausencia de recensións críticas e reclamálas e incentivar a crítica literaria realizada por mulleres.
- 10.º Fomentar a venda de libros escritos por mulleres e colocalas a estas no centro de atención (autoras “estrela”)
- 11.º Fomentar a visualización de autoras e editoras mediante as presentacións das súas obras en espazos públicos e privados.
- 12.º Revisión do canon literario de forma permanente

Castelo de Soutomaior, 8 de novembro de 2021

Asinantes:

Fátima Anllo, Edurne Baines, Isabel Blanco, Mariana Carballal, Silvia Cernadas, Mercedes Corbillón, Leticia Costas, Ana Figueiredo, Inma López Silva, Esperanza Mara, Silvia Penas, Arantza Portabales, Elvira Ribeiro, Regina Vega, Carmela Silva, M.^a Victoria Alonso, Lucía Muradas, Paula Cabaleiro e Ana Amoedo.

<https://www.fegamp.gal/sites/default/files/artigos/descargas/manifiesto.pdf>



Banco en lembranza do “Manifesto de Soutomaior”, no xardín lateral da Deputación de Pontevedra

PRESENTACIÓN

Este ano queremos facer do día das escritoras unha xornada de dobre celebración. Celebración dunha escritura e dunha maneira de percibir a realidade silenciada durante moito tempo, e celebración desa expresión do gozo, a alegría e a risa que a miúdo tamén é un tabú para mulleres educadas na abnegación, o comedimiento e o sacrificio.

O 16 de outubro imos rir e a falar do pracer.

O pracer ante o goce da natureza, as viaxes, a comida, os coñecementos; o pracer do erotismo sen culpabilidade, da lectura e a escritura; o afiado sorriso da sátira e o sentido do humor como táboa de salvación nos tempos máis aciagos... Porque a risa e a alegría son transgresoras en sociedades que aínda esixen ás mulleres un certo recollemento e modestia. Sometemento e silencio. O 16 de outubro imos facer harmonicamente ruído.

As voces, en castelán, catalán, galego e eúscaro, chegarannos dunha beira e outra do océano Atlántico e poida que a música tamén evoque o lado máis luminoso da festa...

Marta Sanz, comisaria da VIII Edición do Día das Escritoras 2023

<https://diadelasescritoras.bne.es/edicion-2023/>



Nas páxinas que seguen ofertamos unha posíbel escolma textual de escritoras galegas.

Marilar ALEIXANDRE (Madrid, 1947)

... Tonina, a irmá pequena... irrompendo no seu cuarto, as meixelas acesas: Boas novas! Vou casar... Con Manuel...

-Non me dás os parabéns?

Tonina sorría o seu sorriso libre de coidados.

... O encontro con Fernando fou un milagre. Talvez non houbera outro home así en todo o país, non eran así os homes. Un home que atendía ao que ela dicía. Primeiro as conversas, un contacto entre as mentes que era como se el achegase a man e tocase o seu pensamento. Antes de a tocar fisicamente. Despois o intre de se tocar. A nena agromando das noites de amor.

ALEIXANDRE, Marilar, *As malas mulleres*, Galaxia, Vigo, 2021, pp. 30-31



... Porén o pracer, inesperado, ao achegar pel a pel, as mans de Fernando acordando os seus peitos, a éxtase que ven das caricias, proban non ser certo o que con arrogancia escribira aos vinte anos nunha carta a Manuel: “Serei o único ser humano que foxe do pracer e ama a dor?” Foi ao encontro do pracer, tan breve. Mesmo se despois cómpre pagar o prezo.

Ibid., páx. 33

O recordo dese día vai unido ao sabor do chocolate. Se hai ceo, os anxos e os nenos que morren e se converten en anxos, como o seu irmanciño Xaquín, comerán chocolate todos os días. Non pensa moitas veces no ceo, mais cando ocorre represéntao como a cociña da señora Paquita, un espazo grande e luminoso, con cazolas resplandecentes, panos brancos, limpeza e moita comida.

Ibid., páx. 46

Gustábanlle os chícharos por ser cousa da primavera. Viñan coas rosas ventureiras no camiño do lavadoiro. Tamén por ser raros na casa, nin sempre había cartos para os mercar. Chícharos e patacas novas, moito lle sabían as poucas veces que os comeu.

Ibid., pp. 88-89

...Ah, se puidese recuperar aquelas mañás na praia, estomballada na area sen coidarse do que traería o porvir, atendendo unicamente ao bater das ondas. Regresar cansa, durmir profundamente ás noites.

Ibid., pp. 129-130

...Mais eu, sen ter que ir onda a señora Ignacia, era feliz saíndo pola mañá cedo, a hora que máis me gustaba, cara ao río para lavar a nosa roupa. De socate, a poucos pasos da casa, encontro a Xacobe, o veciño que fora á escola e sabía ler. Tiña dous anos máis ca min.

-Sisca, feliz día!

Tendíame un pequeno paquete envolto en papel de seda e mais un ramalliño de flores ventureiras das que medran nos penedos xunto ao mar. Ao pensar no seu nome, herba de namorar, púxenme encarnada...

... Ábreo -dixo poñendo o paquete na miña man-. Espero que che guste.

... Abrino, era o paniño máis lindo que nunca soñara...

-É precioso, precioso, de verdade- e anoeino ao colo...

Tendeume as flores e ao collelas as nosas mans tocáronse, aínda que as separamos de contado. Foi como achegar a man ao lume, unha sensación nova...

O corazón batíame moi forte.

Ibid., pp. 139-140

... Disque nesa escola das noites ás veces prestan libros. Non che gustaría ter un libro, lermos xuntos?

-Gustaríame, si... moito -e seguindo un impulso propuxen-. Ven, vamos mollar os pés no mar.

... Poucos días tan felices como os dese verán.

Ibid., páx. 142


... Xacobe ocupaba todo o meu pensamento. Non me cansaba de contemplar os acenos das súas mans, a súa fronte, tan branca baixo os rizos negros. Un serán, ao despedírmonos, el bicou levemente a miña. Desexaba máis con todo o meu corpo, a miña pel chamaba polas súas mans e ao tempo temía as consecuencias dos alumiños doutro carácter.

Ibid., páx. 166

- Non fagas caso aos que deciden que é pecado, que non. O pracer non pode ser pecado, sexa cun home ou con outra muller. Fixéronnos para o pracer. Seino.

Desabotóalle a camisa, aproxima a súa boca ao peito de Sisca, lambe o bico; logo cólleo coa man, faino xirar cos seus dedos. Un latexo entre as pernas, o pracer. Por baixo da saia, a súa man chega alá, esperta partes do corpo das que non coñecía a existencia. Era iso entón, pensa, estas ondadas, esta auga que flúe mollándoa toda. As súas mans responden sobre o corpo de Fefa, estremécese. Están arfando, parece imposible que non as oia ninguén.

Ibid., pp. 184-185



... Chegaba todo enfulado, adoitaba dicir: María, eu veño branco de fariña, se casases cun ferreiro sería moi malo de lavare. Lembro eses días felices, o tempo da fariña, lambela do seu corpo tan fermoso. Tamén hai beleza no corpo dun home. O de Miro era perfecto.

Ibid., páx. 199

Ten saudades de Fefa, de Pepa, do seu sorriso pillabán, dos seus alumiños. Lembra os minutos no interior do confesionario, pel contra pel, a forma en que pousou cun bico a tintura de láudano na súa boca, a media cebola... grazas a ela a desesperanza mudou en esperanza.

Ibid., páx. 202

-Concha, non sempre é necesario casar para ter un amor... Ti non cres que as mulleres tamén desexan? Amor, cariño e o físico, alumiños e... o pracer. Ti que defendes as mulleres seren iguais no intelectual aos homes, pensas que o pracer está reservado a eles?

Ibid., páx. 213

-Estudar... nunca o pensei. Gustaríame, si, mais non creo que sexa posible. Terei que traballar para gañar a vida.

Ibid., páx. 224

An ALFAYA (Vigo, 1964)

Nunca Amalia se sentira tan completa como cando acubillaba entre os seus brazos o corpo quente de Cora, comunicándose con ela a golpe de sorrisos torpes, olladas mequeiras e palabras agarimosas.

ALFAYA, An, *Muros de aire*, Xerais, Vigo, 2015, páx. 56



... A medida que Cora foi medrando, e Amalia esmorecendo, a neta supliu con gusto o posto da nai. Remedios adestrouna ben e ensinoulle a considerar a riqueza como algo ao que aspirar por riba de calquera circunstancia. Nas viaxes cotiás a aqueles confortables pisos tan distintos ao soto onde elas vivían, sen humidade, con calefacción central, onde a beleza reinaba por todas as estancias, Cora gozábaa. Ademais, moi ao contrario que Amalia, as persoas que habitaban eses pisos espertaban nela unha muda admiración, e sobre todo quedaba engaiolada co recendo dos corpos das mulleres que paseaban por corredores tan distinguidos. O aroma que exhalaba o cabelo e as roupas de Elisa Sobral, para ela supuña un pracer tan intenso que o seu gusto sería quedar para sempre nas posesións dos Luaces.

Ibid., páx. 57

... Na autoestrada, conectada á música da radio, sentira unha felicidade estraña ao circular en paralelo á vía férrea, coa xanela aberta, notando na pel o recendo húmido da brisa mariña. Gustáballe pisar o asfalto da nenez. Era algo primario, como volver á cunca do caldo fumegante máis sabedeiro, aos intres en que vivía acubillada baixo a saia da avoa, igual que unha pita protexida á calor das súas ás. Recibía como un regalo para a vista a placidez das lanchas motoras de pequena eslora atracadas no peirao; a trasfega no embarcadoiro, cos viaxeiros entrando e saíndo dos barcos de pasaxe, que comunicaban as beiras da ría; o cheiro a conserva das fábricas da beiramar; a ferruxe dos barcos tapiando a liña do horizonte coa espléndida barriga do seu poderío; e a brétema da anoitecida, cubrindo o porto cunha sensación de néboa pegañenta, tan presta a arrimarse a un que deseguido te apreixaba na súa gaiola. O conxunto significaba un reencontro coa súa identidade perdida, unha reconciliación, unha forma de xustificar o sentido da súa peregrinación. Si, de cando en vez necesitaba achegarse á cova que a vira medrar, como buscando unha bocalada de aire, encher os pulmóns para unha tempada e recuperar azos para regresar ao punto de partida e tirar uns meses máis.



Ibid., pp. 73-74

... Remedios en cambio compraciábase ao descubrir a ollada fascinada de Cora movéndose na casa dos Luaces, incentivada pola súa propia, alentándoa a aspirar a un futuro de maior altura ao que previsiblemente lle deparaba o soto escuro e húmido onde vivía...

Ibid., páx. 77

Amalia pensou que estaba tan afeitada a satisfacer aos demais, quedando ela en segundo plano, que sen decatarse, a palabra *compracer* formaba parte do seu vocabulario cotián como se a levase impresa no seu código xenético. Non obstante era a primeira vez que alguén reparaba nos seus desexos, e iso pareceulle unha novidade moi agradable, pois sóubose en disposición de tomar as súas propias decisións e defendelas, algo que até ben pouco era impensable no devalar dos seus días.

Ibid., páx. 145

Aquel mediodía no xantar, Remedios leu na ollada de Amalia unha felicidade premonitoria. Sospeitaba que a moza bebía os ventos polo fillo da dona da zapatería, pese a que xamais fixera comentario ningún ao respecto, pero a ela abondáballe observar a enerxía con que saía da casa e con que alegría volvía, para comprender a verdade e decatarse de que aquilo non se debía só ao traballo, senón a Mateo.

Ibid., páx. 157

... a el gustáballe chegar á casa coas mans engraxadas, e cando as outras mulleres se queixaban do cheiro dos aceites na roupa, e das uñas ennegrecidas, Rosa dicíalle que a excitaba, pois así o coñecera e así se namorara del, fedendo a carburante, e o que a outras lles atraía, perfumes de marca, a ela agoniábana.



ALFAYA, An, *Vía secundaria*, Xerais, Vigo, 2011, páx. 29

-¿A onde a levo?

-Á estación do tren.

-Parece vostede contenta.

-Estouno. Vou facer unha longa viaxe. Gústame viaxar, pero nunca tiven oportunidade.

Ibid., páx. 87

Rosa ANEIROS (Meirás, 1976)

Fiz era, sábelo Inverno, o rapaz que che anubraba os ollos dende ben cativa. Cando aquela cereixa escorregou pola túa lingua entendiches que todas as carreiras, todas as olladas, todas as caricias ás agochadas de Roque e do mundo buscaban o instante dese bico. Ese minísculo instante en que tatuar os beizos de Fiz nos teus... Fiz tiña os ollos océano e mudaban como o ceo. Grisallentos nos días de nubes, azul cristalino nos días de sol enrabechado. Del gustábache todo, mesmo o sorriso canfurneiro e pícaro que se lle puña cando se lle ocorría algunha trasnada... como querías a Fiz. Non era un querer como o de papá ou de mamá, nin sequera o da túa irmá Rebeca, era un querer que che daba calor e frío. Que che quitaba o sono e a fame. Era un querer sabor cereixa e salitre no rostro. Era Fiz.



E, nese xusto instante en que te bicaba, sentiches que aquel bombardeo do corazón se multiplicaba nas dúas caixas do peito. Coma se unha fose o eco da outra. A pel dunha cereixa quedoulle esgazada ao pé da boca e lambíchela con rapidez. Querían borrar todo aquel sangue doce do seu corpo e que aquel instante que durou segundos e forons horas, se perpetuase eternamente.

ANEIROS, Rosa, *Sol de Inverno*, Xerais, Vigo, 2009, pp. 22-23



Mamá recuperara coa sopa quente e as mantas a ilusión de fuxir da traxedia. Ela pensaba que, pro fin, escapara da guerra sen saber que o destino non estaba escrito aínda con letras de paz. Para vós aínda non. Pero ela, ela daquela non o sabía. Por iso era feliz e repetía unha e outra vez os agradecementos a Santa Mariña.

Ibid., páx. 106

De Alés a Bordeus só lembrás un paseo feliz sobre as travesas enferruxadas. A pesar de quen vos desalentaba con respecto a México -ese país inferior dicían-, a pesar de todos os que deixabades atrás, a pesar dos vosos billetes de indixentes no peto, a pesar de todo iso foi un paseo feliz. Fóra bulían campos, oliveiras, vides e casiñas brancas que xa nin sequera che chamaban a atención. Fóra bulía o mundo e ti, por fin, podías bulir canda el.

Ibid., páx 234

-Quen nos dera unha pandemia destas cada ano, eh! Nunca tanto por nós miraron! Antes nin reparaban en que estabamos aquí... Nin os nosos nin os outros.

-Ben cho digo, Elba, ben cho digo. Unha destas cada ano dábanos a vida.

(ANEIROS, Rosa, "Vente vindo" in VV. AA., *Fisterra. Relato curto en Galicia*, Linteo, Ourense, 2022, páx. 80)

Carmen BLANCO (Lugo, 1954)

...Gústasme tanto cando te sinto espido! Gústasme tanto cando te penso espido recostado! Gústasme tanto cando te contemplo espido de pé erguido quedo! Amor en pé. Gústasme tanto cando te admiro como me miras e como te moves mirándome como te admiro alegre e feliz sabéndote! Doce amor. Sexo forte. Estabas lendo. Gústasme tanto cando te vexo lendo! Gústasme tanto cando te penso escribindo! Escribes vida, amor. Vivo pola túa carne e os teus osos. Gústame o teu estilo!... Espero arder na alegría da auga azul vestida de ti e contigo espida onde habita a felicidade e comeza a vida que nunca acaba nas caricias dos bicos dos labios de solpores e auroras. Amor amor. Alegría total... Cópulas cúpulas. Poesía.

(BLANCO, Carmen, "Cópulas cúpulas" in VV. AA., *Fisterra*.

Relato curto en Galicia, Linteo, Ourense, 2022, páx. 90)



Begoña CAAMAÑO (Vigo, 1964-Compostela, 2014)

Mais non podería facerme digna da felicidade que agora posúo de non vos facer partícipe da verdade. Non nego que tentei ignorarvos e gozar do que agora teño arredándovos do meu pensamento. A ledicia pode ser cousa do azar ou ben estar trazada no destino de cada persoa. Porén, cada unha é tamén escrava da súa propia historia e débese lealdade a si mesma.

CAAMAÑO, Begoña, *Circe ou o pracer do azul*, Galaxia, Vigo, 2009, páx. 20

Tamén a raíña se deixaba levar polas lembranzas que a devolvían aos tempos de xogos e margaridas. As paisaxes do Peloponeso, as trasnadas e travesuaras coas que ela e máis a súa irmá Iftima espertaban sempre un sorriso na faciana amábel do seu pai, os soños adolescentes, as confidencias e as caricias compartidas coas súas primas Helena e Clitemnestra... Eran lembranzas gozosas e solleiras, tempos en que aquelas pícaras risoñas soñaban co futuro e co amor, por completo alleas ao que o destino dispuxese logo para cada unha das catro. Foi unha infancia luminosa e feliz que se precipitou á súa fin o día en que Ulises chegou ao palacio do seu tío Tindareo na procura de esposa.



Ibid., páx. 79

Non sabedes, señora, como gocei lendo a forma en que tratabades os homes de xeito acorde á besta que levan dentro.

Ibid., páx. 82

Tiña eu unha sobriña, Medea,... Era unha rapariga vital e risoña... Era unha moza feliz, que contaxiaba a súa ledicia a todos os que a amabamos e puña un rumor cantaruxeiro no corazón de cantos a coñecían. Avantaxaba todas as demais mozas do seu tempo en intelixencia e alegría...

Ibid., páx. 111

Ao miralo, sentía correr o lume nas miñas veas, mentres que o chumbo se me facía dono das articulacións, impedíndome fuxir da súa presenza. E cando se achegaba a min, cando me sorría ou me falaba, desataba tempestades na miña alma e un rubor infindo estalábame na pel. Se aquilo que queimaba o meu peito era amor, quería eu sucumbir naquel lume e arder por cada poro.

Ibid., pp. 118-119

Lía agora a misiva devagariño, deleitándose en cada frase, deixándose envolver en cada situación narrada, en cada sentimento que a maga lle expresaba. Detíñase con ledicia na parte dedicada ao relato da infancia e da adolescencia. Soñaba con formar parte daquel feminino clan de mulleres libres e fortes. Víase a si mesma coma unha das bravas Amazonas, dona de seu, sen medos nin alertas que estrullasen o seu corazón...

Ibid., pp. 121-122

... Decidiu finalmente, para non espertar as sospeitas do amante, continuar coa rexouba de cuspe, suor e pracer en que se entretiñan. Mais ao gorentoso xogo, que até o de agora decorrera con tépeda cadencia, imprimíulle un novo ritmo de ansia e frenesí, que deseguida levou os dous amantes á vertixe licuescente dun abandono que semellaría a morte de non traer consigo a éxtase da plenitude. Riu a maga con riso de auga, como adoitaba facer cada vez que o corpo se lle esnaquizaba en mil faíscas escintilantes.

Ibid., páx. 129

Miña adorada señora, foi a vosa última carta a maior alegría que sentín desde o parto do meu unixénito e vinculeiro de Ítaca...

Ibid., páx. 130

-Non sabedes, nobre Eurímaco, cando agradezo as vosas comprensivas e sabias palabras. De feito son os momentos en que podo aloumiñar o meu pequeno, os únicos que realmente me procuran consolo pola ausencia do seu pai...


Ibid., páx 146

... Aínda lembro o cálido arrepío que me producía sentir a lingua da miña curmá percorrendo devagar o treito de pel entre a miña orella e a base do pescozo. Como esquecer a naturalidade coa que a miña man se axustaba á forma do pequeno peito de Helena, e o pracer que sentía ao notar na miña palma a súa respiración axitada e a súa mamila endurecida? Como non recordar o lixeiro tremor nos beizos ao nos bicar? Ou a complicidade coa que trazabamos mil rutas nas nosas peles, tentando descubrir aqueles lugares onde as caricias máis nos estremecían? Como non evocar o formigo dunha lingua allea rozando no meu padal, a excitación provocada por un dedo curioso, roldando na carnosa entrada da vaxina, sen se atrever a penetrar? Aí nos detiñamos. Cada unha de nós levaba a suor e a excitación a súa cama. Ate a miña nai, tan frívola e dada aos xogos, nos advertía que había un límite que non debiamos de pasar. Non, cando menos, até ter cumprido o noso deber de fillas reais. Tampouco nós non queriamos ir máis aló. Aínda que o pracer nos enfebrecese, gardabamos os nosos desexos para o home soñado. Era para el, para saber complacer o marido do futuro, que queriamos ser tan instruídas como as máis afamadas cortesás. Moi lonxe estaba eu de supor que serían aquelas caricias de nenas ávidas, na súa inocencia, as únicas coas que gozaría.

Ibid., páx. 174

... E, aínda que che resulte duro de acreditar nisto, era outras veces ela [Anticlea] a que subía intrépida até a gruta onde eu moraba. Coas roupas dunha pastora, sen alfaias nin adobíos chegaba até min vestida de lúa e levando nos seus cabelos, como único adorno, o aroma do relento. Nuna houbo entre nós tantos risos, tanto desexo, tanta complicidade. Daquela as únicas trabadas que nos dabamos eran froito do frenesí e causaban só unha pequena ferida na pel, deixando intacta a alma.

Ibid., páx. 202



... Acredítade en que non habería no mundo lugar onde puidese ser eu máis feliz que á beira da vosa presenza e das vosas ensinanzas. [Penélope a Circe]

Ibid., páx. 217

Marica CAMPO (O Incio, 1948)

Baixei ao teu amor e foi un pozo:
escuridade moita e máis misterio,
alxube de terror e cativerio,
pero eu vinte de luz e tiven gozo.

Todo estaba de estrea, todo mozo,
non sabía da dor nin do cauterio,
oía só o son do teu salterio
e brincábame o sangue co alborozo.

¡Canta lúa afogada na soidade
do teu rostro negado de cotío!
Nunca souben quén eras en verdade.

¡Canta noite perdida, canto frío,
coidando ser feliz nesa cidade
que fundaches por min no desvarío!



in *25 anos de poesía galega (1975-2000) I*, escolma de Luciano Rodríguez, La Voz de Galicia, A Coruña 2002, pp. 76

Esther F. CARRODEGUAS (Rianxo, 1979)



Estabamos en Berlín (que guai que ilusión!) por unha cousa de traballo. Era como ir por traballo pero sen traballar, porque tampouco se lle pode chamar traballar a ir de paseo e xuntarse con xente guai para falar de cousas guais (que ilusión!). Alugaramos unhas bicis para percorrer a cidade (que guai que ilusión!) e poder sacar cantas máis fotos mellor... (que guai que ilusión!!!!)... Xa comeramos *wurst*, *bratwurst*, *knochwurst*, *weisswurst*... así que decidimos que podíamos xa esquecernos das salchichas e buscar algo máis exótico (que ilusión!!)

CARRODEGUAS, Esther F., “#Takeaway” in *Antoloxía do relato galego actual*. Miño, Xerais, Vigo, 2023, páx. 91

Fina CASALDERREY (Xeve, 1951)

Á fin, libre! Respiro mellor, moito mellor! Iso é: recompoñerei os meus anacos, xuntareinos todos nunha única bola de azougue máis grande, máis redonda, máis perfecta: serei un asteroide novo, un asteroide Amor.

Pensar en positivo. Sempre en positivo.

-Aaaah! Aaaah! Aaaah!

Nada que ver! Si, exhalar as angustias, botalas todas fóra para coller impulso, para desatarme, faime moito ben. Deixarme levar está a ser unha excelente decisión: a natureza é a mellor menciña para osixenar o corpo e a alma. A canción da auga ha de me servir non só para depurar os meus pulmóns magoados, senón de esconxuro para afastar o mal fado e purificar o meu espírito. Non hai mellor exorcismo contra o maligno ca respirar aire puro. Este murmurio da auga lávame ata os pensamentos e dame tanta paz! Xa non sinto esa presión no peito, nin a dor na gorxa, xa non resollo. Seguirei o río a pé ata a mesma desembocadura, ata a praia. Santa liberdade!

-Aaaah!

Xa pasou todo. Aquí o aire está máis limpo! Estou ben, moi ben...

A música da auga é o meu cadelo fiel... Resulta tan relaxante! Levo a palma da man dereita á parte esquerda do me tórax para auscultarme: o meu corazón latexa a ritmo acelerado, talmente coma se estivese a escoitar o himno do meu país dende o máis alto do podio. Imaxino unha medalla de ouro, pendurada do meu pescozo, a brillar coma unha estrela: primeiro posto no campionato de vercermos todas as intolerancias; e eu coa man no meu peito emocionado, sorriño. Continúo o meu paseo entre os umeiros, os chopos, os salgueiros... A brisa converte as follas dun tileiro en corazóns danzaríns. Alongo o brazo para, nun xogo gozoso, arrincar unha delas, mais desisto de vez; non sei a razón, porén sinto que fixen ben. Estou a recuperar as boas vibracións do equilibrio emocional. ...sinto un saudable reconforto. Non sei o tempo que levo camiñando pero sei que este exercicio físico está a ser unha eficaz ferramenta que favorece o meu ánimo...

Aquí tamén se está ben. O murmurio do río apenas se percibe xa, mais a ondada de escuma e sal agrádame outrosí. Gústame o seu ruxido salvaxe. O meu espírito mantén a calma. Non me doe nada. Séntome no litoral da tarde, cara ao mar. Gústame miralo de fronte. Gústame mirar de fronte... Nunha pequena balse pneumática, dous adolescentes xogan a ser periscopios. El e máis ela, de cando en vez, emerxen as súas cabezas desconfiadas observando cara á costa: non hai mouros... Non queren testemuñas que couten a emocionante exploración das súas recíprocas xeografía, as primeiras descubertas, o amor... Teñen dereito! Unha escena tan tenra! Ríome da súa candidez. Faime moito ben: rir ten uns efectos terapéuticos sorprendentes.

CASALDERREY, Fina, "Asteroide amor" in *Antoloxía do relato galego actual*. Miño, Xerais, Vigo, 2023, pp. 95-97



Rosalía FERNÁNDEZ RIAL (Muxía, 1988)

Non hai nada máis excitante que premer a válvula do spray. Maquillar o rostro das paredes antes de lle facer o amor á cidade. Iso era para Amalia o arte do graffiti. Paixón, desexo e perigo, moito perigo, cada vez máis. A través dese risco seducía e aterraba, a partes iguais, a poboación.

FERNÁNDEZ RIAL, Rosalía, *Bonus Track*, Galaxia, Vigo, 2018, páx. 37



-Si, son trans -espetou con rotundidade.

-Non me decatara ata agora. É que nunca...

-Leácheste algunha vez cun tío?

-Non, por iso non souben como, pero...

Desta volta durou menos o silencio incómodo e, agora si, tivo unha deriva por completo natural:

... Habémoslle atopar o xeito, muller.

Rimos. Os dous, ao mesmo tempo. E, certamente, acabamos por encontrar algunha satisfacción. Non foi para botar foguetes, pero sei que poderá ir mellor na próxima ocasión. Sígame a sentir

tan atraído coma a primeira vez que te vin.

Ibid., páx. 74

Eu son feliz. Sobre todo en concertos como este, pensaba Mariña. É un dos últimos que Berrogüetto dará como formación completa. Algo histórico. Non o perdería por nada do mundo. Estes tipos representan a Galiza que a min me gustaría. A tradición está *guai*, pero xa non vivo na época dos meus avós nin pais. Somos folk pero tamén jazz e electricidade, sabes? A min o que me *mola* realmente é o que vén despois da vangarda, entendes?

Ibid., páx. 104

De nena, o meu xogo preferido era saltar á corda...

Sempre se me deu ben brincar...

O único que me facía destacar sobre todas as demais cativas era esa capacidade de erguerme sobre o chan... Neses impulsos se baseaba a miña irregular felicidade infantil.

Con especial agarimo recordo unha vez que miña nai me levara a unha tenda moi antiga...

Cando se achegou a señora maior que atendía detrás do mostrador, mamá dixera:

-Cinco metros de corda de esparto, por favor...

-Para que é?

-Para que a miña filla xogue coas súas amigas...

Eses metros de corda foron o mellor agasallo que me fixeron na miña vida. Con eles conseguín dominar os recreos e os parques, as comuñóns e os aniversarios.

Ibid., pp. 122-123

Eu non quero semellar un sabio que non son. Córrome aprendendo cousas novas, lendo certos autores ou cunha dose potente de calidade musical. Pero pedantería cero. Non teño unha gran memoria e non soporto a quen vai de iluminado. A min o que me gusta é que o coñecemento transforme o meu xeito de vida, que me permita cuestionarme, non que me aliene con esta banda de novos *indie* nada independentes.

Ibid., páx. 140



Curvas perigosas

Prendes,
no contacto dos labios,
un motor que arranca
letargos corporais;
quecendo
as válvulas
do meu chasis oxidado.
Aceleras
linguas pneumáticas
sobre a superficie
desta epiderme nerviosa,
descontrolada xa.
Mentres esvaras
ronseis con cuspe
nos tombos de asfalto
que marean a pel.
E eu,
en éxtase,
abro para ti
cinco circuítos de curvas
onde virar o sentido;
mamila, ombro, ventre,
cadeira,
clítoris.



FERNÁNDEZ RIAL, Rosalía, *Ningún amante sabe conducir*, Positivas,, Compostela, 2014, páx. 29

Alicia FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (Escairón, 1987)

Lámboche as pestanas
 despacio, unha a unha
 (quéreme, non me quere...),
 percorro coa lingua
 -demorando o salferir- a derradeira
 e sorrió satisfeita.

Volto ao principio
 (quéreme, non me quere...).

Suplico a perennidade.

in 13. *Antoloxía da poesía galega próxima* (edición bilingüe de María Xesús Nogueira), Chan de Pólvora, Compostela, 2017, páx. 46.



Montserrat FERREIRA FERVENZA (Redondela)

Quero dicirlle que ler si que sei, que teño un veciño co que paso as tardes enteiras a aprender ás agachadas. Tamén quero dicirlle a mamá que hoxe cheguei tarde porque Carlitos apareceu co catecismo, o único libro que podía quitar da casa sen que desconfiasen, que lin de corrido a miña primeira lección e que iso me puxo contenta...

FERREIRA FERVENZA, Montse, *O ano das mazás*, Xerais, Vigo, 2023, páx. 113

-Entón saber ler, Adelaida?

-Sei, señora Amalia.

-Mañá voute levar á cidade a mercar un libro, ademais dun vestido novo.

-Para que quero un vestido?

-Henrique está a arranxar unha visita a túa nai, no quererás ir de calquera forma!

A felicidade péchame a boca. Un libro e ver a mamá! Demasiadas alegrías xuntas.

Ibid., páx. 167

Só unhas horas e Adelaida estará a estudar no castelo de Mota. Que alegría tan grande cando me dixo que aceptaba! Ao día seguinte marchamos as dúas a mercar a Redondela...

Está a ser un ano de fartura. As penurias da posguerra van amainando e a xente ecobra pouco a pouco a gana de vivir. A felicidade para uns é encher o faiado de mazás e de patacas, ou ateigar os canastros de millo e con pernís colgados, ou ter moito bagazo para facer boa augardente. Para min é ver a Adelaida rir diante do espello mentres proba un gabán de mestura branco e negro. Está tan fermosa que da gana de chorar.

Ibid., páx. 228



Lupe GÓMEZ (Fisteus, 1972)



... Ela estaba desexando ir a un enterro, camiñar co ataúde, observar as bolboretas que veñen dicir adeus aos mortos. A morte non era un conto triste... A morte era como un día de feira...

... Os nenos e as nenas estaban desexando que morrese alguén porque rezar polos defuntos era un divertimento extraordinario. No corazón de Maripepa naceulle unha emoción prateada, unha chispa de alegría...

“Estás contenta pola morte da túa avoa?” “... Eu estou leda..., como se a morte fose un prado branco. A neve tamén está chea de sentimentos cálidos”

GÓMEZ, Lupe, “O enterro alegre” in *Antoloxía do relato galego actual*. Miño, Xerais, Vigo, 2023, pp. 179-180

...”Son unha noiva de cor viva e non fago caso das modas nin do tempo meteorolóxico. Pásoo ben na festa, co meu abrigo rosa...”


... Fantasía subiu ao palco e sentou tranquilamente, escoitando -co seu abrigo rosa do mes de decembro- as cancións do verán. Ninguén en toda a romaría tiña un traxe tan psicodélico, divertido e luminoso. Fantasía era inmensamente feliz.

GÓMEZ, Lupe, “A muller do abrigo rosa” in *ibid.*, páx. 182

Fun por Corna e cheguei a Baldarís, lonxe, moi lonxe. A subiu de carballeira que acariñaba lentamente o lombo da terra. Pechei os ollos e durmín, cantei, entreguei cartas aos fieitos que falaban en voz baixa. Ilusionarse cada día. As experiencias saudables son ecosistemas de fantasía e liberdade.

Que camiñen as bóvedas do ceo no fondo mariño dos nosos correos postais.

Ser túa amiga.
Desaparecer cando ti aparecías
nos eidos da lembranza.
Aparecer cando ti desaparecías
en prados de vermella música.
O sangue dos nosos pulmóns
chouta ceibe entre os
codesos do monte.
Na salvaxe emoción
de estar vivos e electrocutados,
en berces de prata que
non empezan
nin acaban nunca.



GÓMEZ, Lupe, *Salón de Té*, Xerais, Vigo, 2023, pp.: 20 e 113

Andrea MACEIRAS (A Coruña, 1987)

... o lugar favorito de Selina era o xardín. O aire libre era unha beizón en contraste coa atmosfera pesada da casa, cargada de recordos, cadros, mobles de devanceiros e respiracións de xeracións pasadas. Gustáballe escribir no xardín cando o tempo se amosaba benévolo, aínda que fose envolta en varias mantas. Desde aquela mesa de ferro forxado, na comodidade da cadeira, Selina podía percibir o recendo do mar e daba gracias por aquel alivio de frescura, polo perfume salgado que parecía provir directamente do horizonte.

(MACEIRAS, Andrea, “O nome da tempestade” in VV. AA., *Fisterra. Relato curto en Galicia*, Linteo, Ourense, 2022, páx. 265)

... A Selina gustáballe estar preto daquela fiestra descomunal. A través dos cristais, a vista acadaba primeiro o verdor do xardín, coas árbores centenarias abanadas polo vento para perderse logo alén do cercado, todo mar e clareza, auga e ceo cambiante.

Ibid., pp. 267-268

Selina non adoitaba ver a televisión, (...) a radio era suficiente. Sentíase máis acompañada polas voces que polas imaxes... Polas noites, poñía a radio co volume baixo ata quedar durmida e, cando espertaba nas horas máis escuras, o seu son reconfortábaa.


Ibid., páx. 270

Marleen MALONE (Iolanda Zúñiga, Vigo, 1975)


Gústanme as barbas ásperas e incipientes, as que rascan pero non esfolan, as de tres días, catro ao sumo. Tan útiles para esas friccións que propician que o rostro se escame. Un *peeling* excelente, vaia. A aquela serie arrabaldeira de Telecinco deberon chamarlle *Sin barba no hay paraíso*, pois refregar a epiderme facial contro a dun canalla tipo El Duque ten que ser sublime, obtés un 2x1: un “empotrador” nato coma el fódete, ademais de exfoliar.

(...) Sufrín unha infancia precoz: con dez tenros anos caligrafíei unha misiva de amor destinada ao desbarbado Terence Hill, o cowboy de *Le llamaban Trinidad*. Ben cedo gocei de pensamentos porcos: nas secuencias nas que non fantasiaba con arrincarlle a dentadas a roupa luída e cotrosa ao bandido (para permitir que as miñas pupilas pícaras contemplasen ese único horizonte de corpo fibroso srecuberto dun coiro abrasado polo sol almeriense)...

MALONE, Marleen (=ZÚÑIGA, Iolanda), *Noites de safari. Manual sobre amantes desorientados*, Xerais, Vigo, 2018, pp. 22-23



Lembro con exactitude matemática o día do meu primeiro orgasmo... Comezara o outono... Dispúñame a durmir... cando notei unha efervescencia, propia de Aspirina C, nun segmento inferior do meu corpo, alá polo baixo ventre. Non era dolorosa nin incómoda; ao contrario, era unha sensación EXCITANTE... Sentía no meu interior unha botella axitada de sidra El Gaitero. Recreeime naquel burbullar coa almofada apesada entre as pernas. Algún instinto atávico ditoume a danza a seguir: arrandearme cara a diante e cara a atrás co lateral da palma da man chantada na entreperna. A respiración, a presión do sangue e os latexos aumentaron. O corpo sufriu movementos espasmódicos e abafei unha explosión de gozo contra o colchón... Cando o atordamento polo experimentado comezou a devalar, erguinme. O espello do cuarto devolveume unha imaxe flamante: ollada en tecnicolor, meixelas acendidas, sorriso edénico... En definitiva, un xesto giocondino. Tantas hormonas levedando durante anos estouparan nun clímax de onanismo inconsciente. O meu cráter erupcionara; os meus fluídos alcanzaran a preamar; vamos, que a sidra fora escanciada.



Ibid., pp. 53-54

Adoito citarme vía SERGAS co tocólogo nas épocas de escaseza. Vale que é un profesional que non aplica técnicas dirixidas a dispensar pracer; de feito, as súas tácticas de abordaxe aos meus xenitais provocan, máis ben, que me seque, contraia, agarrote. Pero bástame cun *voyeur*, con ter o rostro dun tipo cerc que observe a miña arquitectura íntima e cheire os néctares que emanan da miña fragua de Vulcano. Mentres me incrusta os aparatos eses aptos para espeleoloxía xenital feminina, sintíame viva.

Ibid., páx. 68

Ir de “paquete” na moto dun descoñecido é do máis excitante que se pode facer coa roupa posta. Equilibrio, velocidade e, sobre todo, sensualidade. En canto sentas, a túa entreperna vai dar contra o seu traseiro, os teus brazos abrazan a súa cintura e sentes a súa respiración abdominal sobre a túa parte dianteira, da pube aos peitos, porque repousa sobre as súas costas.

Ibid., páx. 114

Marina MAYORAL (Mondoñedo, 1942)

... Á miña nai o coche cambiolle a vida... Fíxose moi popular, moitas mulleres animáronse a conducir porque ela o fixo primeiro, era un exemplo, fíxose famosa e iso gustáballe,...

(MAYORAL, Marina, “O meu tío, as mulleres, os coches e máis eu” in in VV. AA., *Fisterra. Relato curto en Galicia*, Linteo, Ourense, 2022, páx. 311)

... así que mamá casou co irmán serio... pero con Florentino era co que sempre ría moito; en resumo, que con quen se divertía era co meu tío,...

Ibid., páx. 312



Irene MONTERO (Ferrol, 1970)

Lúa e Andrés considerábanse unha parella feliz. Había máis de dez anos que se coñecían e vivían xuntos dende había case nove. Entendéronse dende o primeiro momento, con respecto, admiración mútua e compartindo unha paixón que non os abandonara en todos eses anos. Aínda era hoxe o día, tras máis dunha década, en que o simple rozamento da pel do outro os facía tremer e desexar máis, e as bocas buscábanse coa precipitada necesidade do sedento que reclama con angustia un pouco de auga para seguir vivindo. Agora, dez anos despois, coñecían de cor cada centímetro do corpo do outro, uns corpos que lían unha e outra vez coas xemas dos dedos e que contaban historias de amor e desexo, doces ás veces, urxentes outras, apaixonadas sempre...

Riron os dous e seguiron falando de cousas sen importancia... Lúa pensou que a voz de Andrés era todo o que necesitaba para sentirse ben, nada tiña o poder tranquilizador da súa voz, do seu riso. E Andrés desexou poder pechar os ollos e abrilos en quince horas, para abrazala e cubrirlle o corpo de bicos.

MONTERO, Irene, *Lúa nova*, Xerais, Vigo, 2022, pp. 26-27

... Ela era cega de condición, pero iso non lle impedira facer sempre unha vida normal. Era feliz, dedicábase ao que lle gustaba e non sufrira na vida máis que calquera outra persoa.

Ibid., páx. 31

-Ves aquela pequena loura...?

-Si, claro.

-É cega.

-Perdón...?

A pequena Lúa ría as gargalladas mentres subía e baixaba polo tobogán entre os demais nenos, dando saltiños de alegría, sen decatarse de que había catro ollos postos nela naquel momento.



Ibid., páx. 34

-Mamá, eu nacín así e son feliz... Por que queredes cambiar?

Ibid., páx. 78

... que cres que pasaría se non me opero? Quero dicir, mamá sentiríase moi desencantada? Eu sei que é a súa ilusión de sempre, que eu poida ver. E non che poden dicir que eu non queira, si que quero, pero dáme medo ao mesmo tempo... Dáme medo romper a estabilidade que teño. Agora mesmo fago o que me gusta, vivo co home máis marabilloso do mundo, que me quere máis do que poden desexar e a quen eu quero con toda a alma, desfruto da miña familia, dos meus amigos, da vida, en xeral... Non boto nada en falta e teño todo baixo control, Noa. Como é ver? Non son quen de imaxinalo, pero sei que para min vai ser algo totalmente descoñecido...

Ibid., páx. 79

María Victoria MORENO (Valencia de Alcántara, 1939-Pontevedra, 2005)

Eu, seica porque o meu corazón florece nas aulas, sorpréndome hoxe ó descubrir que son quen de falar con ledicia da miña enfermidade e de todo o que se relaciona con ela a condición de non chamar ás cousas polo seu nome nin tampouco -Deus me libre- polos eufemismos que emprega a xente.

MORENO, M^a Victoria, *Diario da luz e a sombra*, Vigo, Xerais, 2017 (2^a), páx. 23

Onte liguei, e paseino ben, e pasouno ben o mozo, e pasárono ben catro mulleriñas que se chutaban nos butacóns máis próximos ós nosos. Préstame hoxe falar disto porque a sala de tratamentos se encheu dunha luz adolescente aínda que fóra, contra os vidros das fiestras, chovía a Deus dar...



Ibid., páx. 40

Hoxe -digo eu moitas veces- síntome razoablemente ben, teño quen me queira e a quen querer, podo falar e ser escoitada, podo pasear ou ir ó cine, podo ler e escribir, podo comer polo fritido e beber unha copa de viño fresco e afroitado... ¿Que máis se pode pedir?

Ibid., páx. 50



A ledicia é síntoma de saúde espiritual e de bondade. Xa dicía Juan Ruiz, poeta castelán do século XIV, que *a moita tristura leva consigo moito pecado...* A ledicia atrae, a tristura espanta. A ledicia abre camiños á relación cos outros e a tristura péchaos. A ledicia cheira ben, como as flores, e a tristura cheira mal, como as feces. Defendamos, pois, esa ave de liberdade que é a risa *pluma por pluma*, coma dixo o poeta Miguel Hernández.

Ibid., páx. 59

Estou contenta coa vida e estou contenta comigo mesma. O que agradezo á vida é que hoxe tomei o último chute e non hei volver máis -polo de agora- a ese lugar arrepiante que é a sala de tratamentos. Quedan atrás as esperas, as análises cando aínda é noite, as vías cravadas na man e, o peor de todo, esa indescribible repugnancia producida polo cheiro do elixir misterioso que me chutan e por ese saber que me vai sentar mal e que me vai poñer o corpo do revés, aínda que a medio prazo teña efectos beneficiosos para a miña saúde.

Ibid., páx. 118




Soledad PITE SANJURJO (Teo, 1955)

Nesta hora precisa na que sinto
a vida bailándome na pel,
a ledicia xogando rebuldeira
instalada na luz que viste o día,
nesta hora precisa -digo-
nesta hora, beberei o aire
ata perderme nel, serei folla
no salgueiro, flor na silveira,
po da terra que pisan os meus pés,
herba que revive o resío...

Nesta hora precisa
en que me envolve o gozo,
nesta hora precisa sei
que a dor é a outra cara da moeda
e caprichoso o seu xeito de caer.

PITE SANJURJO, Soledad, *Mar ao fondo*, Follas Novas Edicións, Compostela, 2015, páx. 48



Arantza PORTABALES SANTOMÉ (Donostia, 1973)

E hei morrer sen ir ás Canarias...

E gustárame ir verte...

Hai tantas cousas que me gustaría facer.

Escoitar contigo estas gravacións. Facerche unha empanada de millo e berberechos. Ir contigo á praia de Lapamán. Berrar contigo para que te vistas como é debido... Xa sabes o que me gusta bailar. Gustárame chegar á vendima. Que baixase o prezo da luz. E o das patacas... Gustárame verte unha vez máis...

E gustárame conformarme. De certo que si. Gustárame que o médico non me dese esperanzas.

PORTABALES SANTOMÉ, Arantza, *Deixe a súa mensaxe despois do sinal*, Galaxia, Vigo, 2017, páx. 68

Pasou que teño cancro... Empezaches a falar de vir pasar uns días... Quedarás aquí, para investigar con Carracedo, por que nestas semanas, sen máis tratamento que unha Aspirina efervescente e un grolíño de augardente despois da comida, o tumor principal mingou un corenta por cento.

E mira que me puxen contenta.

Ibid., páx. 76

... E fun ao club de lectura dunha librería, obrigada pola miña nai, porque ler gústame, pero o que a min me peta, non o que me manda un grupo de tolos.

Ibid., páx. 77



Porque, que é a felicidade? Neste intre para min, cada instante de felicidade está unido a ti: a lúa de mel en Grecia; os paseos nocturnos na praia de Agia Anna; a torta de chocolate que me fixeches no noso primeiro aniversario de voda; a ducia de tulipáns que me enviaches despois da nosa primeira discusión; a primeira noite neste dúplex.

Ibid., páx. 83

Que felicidade. Pasear soa. Entrar nas tendas. Probar roupa. Mercala, sabendo que moita acabará nunha bolsa para regalarlla á filla da asistentá.

Ibid., páx. 99

Houbo un tempo en que me namorei. Coma ti desa rapaza. Lembro o que sentía. O corazón a latexar nas xemas dos dedos, a boca seca. Ese non durmir, non comer. Ese vivir agardando. Ese agardar sen vivir.

Penso que son afortunada por ter esas lembranzas. Por coñecer o amor. Aínda que fose tan só unha vez na vida.

Ibid., páx.117

... son feliz. Teño que repetirmo a cada minuto, papá. Teño que buscarlle un sentido a isto que fago. Teño que botar unha ollada ao meu redor buscando luces.

Son feliz.

Ibid., páx. 122

Empapeime enteira, enchinme de auga. Metín os pés nos charcos e tremín de frío. Pero non dei volta. Camiñei entre ducias de paraugas de todas as cores. Abandonei as rúas. Entrei no Retiro e corrín. Corrín como cando era nena. Coma se estivese a botar unha carreira con Inés. Como corremos Manuel e máis eu, á saída do cine, o día da nosa primeira cita. O día en que me bicou por primeira vez.

E chorei de ledicia, papá, porque a auga caloume fondo, e lembroume que estou viva.

Porque me sentín limpa.

Purificada.

Ibid., páx. 130

É delicioso bicarse. Xa case non lembraba o que se sente con esa simple acción. Bicos. Sen máis. Sen esperar sexo, sen cobizar máis que unir os beizos. Sen ansiar máis que unha boca allea na propia.

Quérote, dixeches, e eu saín correndo. Porque aínda que era noitiña e non se vía ben, apeteceume de súpeto.

Ibid., páx. 138

Non estaba nin estou namorada de Quique. Pero gustoume deitarme con el. Sentirme desexada...

O sexo con Quique foi o único satisfactorio deste asunto... Todo o que veu despois non pagou a pena.

Ibid., páx. 142

Foi unha tarde moi bonita. Merendamos na súa cociña. E sabes que? Coido que lle dei pena, pero, ao tempo, fíxome sentir ben. Entendeume...

Ibid,, páx. 146

Ela di que é puta de vocación. A única de todo o Xanadú que o fai porque si. Porque lle gusta. Que mesmo se lle tocasse unha lotería seguiría indo noite tras noite ao traballo. Que alí todo o mundo sabe o que é. Sen terse que esconder e sen dar explicacións Cumprindo sempre as expectativas.

Ibid,, páx. 151

... penso que agora son máis feliz. Eu decido o que fago. Se entro, se saio. O que como. Se traballo no comedor ou non. Se tomo un café na da veciña. Fago o que me peta. E que non me veñan con nostalxias.

Eu quérome así. Con setenta e cinco anos. Soa. Na miña casa. A dispoñer da miña pensión de viúva. Fago o que me peta. Con quen me peta.

Morrer, morro.

Pero esta sensación de liberdade, esta, xa no ma quita ninguén.

Ibid,, páx. 157

... Estas catro paredes si que recollen momentos felices. Momentos meus e teus, ata que decidiches mercar o teu apartamento e marchar. Xa sei que ninguén me entendeu a decisión de deixar o noso piso de toda a vida. Coido que agora ti xa o entendes. Sempre che estarei agradecida por ensinarme os papeis para vendelo. E que ben se está neste piso tan novo. Tan quente. Tan ben situado. E moito máis pequeno.

Ibid,, páx. 166

Cando era pequena encantábanme os venres. Esa sensación, cando soaba o timbre da escola ás cinco e media, e botabámonos a correr polo corredor do grupo escolar.

Ibid,, páx. 191

Tamén falamos dos seus clientes. Eu son Miss Nonaturoopaspándogatomilan. Rima e todo. É divertido. Esquecera o divertido de rir por rir. E gústame descubrir o sexo de novo. Un sexo non contaminado polas rutinas. Un sexo sen amor, con cariño, con respecto, sen reproches. Un sexo de aprendizaxe. Non apresurado, como foi o sexo con Quique. En fin, xa cho definín antes. Terapéutico.

Ibid,, páx. 208

Cando era pequena encantábame *Barrio Sésamo*...

Gustábame moito aquel moneco pelado que se chamaba Coco...

Pero o meu favorito era o Conde Drácula.

Ibid,, páx. 229



Foi fermoso estar de novo con Vicente. Como me mirou. Como estendeu a man para tocarme a meixela... As horas pasaron lentas. Gocei do tacto da súa man sobre a miña. Eran unhas mans distintas. Pasara unha vida enteira por esas mans. Pasara unha vida enteira por nós. E, con todo, por un instante fun esa rapaza de vinte anos...

Ibid., páx. 245

... dame reparo contarche máis cousas de Diego... Gústame o seu corpo brando, tan comfortable, que non gordo, tan lonxe da túa musculatura de aceiro que parece de mentira. Gústame que non cuestione as miñas decisións. Gústame que sexa alto. Gústame as súas mans de xogador de balonmán. Gústame os seus ollos marróns. Comúns, amables, como todo el.

Gustoume a súa despedida. *Sempre quixen ter fillos, Marina, pero estaría encantado de non telos contigo.*

Ibid., páx. 260

Estou a traballar en IKEA...

Gústame, papá. Gústame descifrar os nomes dos produtos... A comida da cafetería, o rebumbio nas fins de semana. Gústame todo. O que máis: ese bip, bip, bip, que fai o aparatiño que le os códigos de barras. Teño compañeiros que din que lles crispa os nervios. A min non. Gústame a cadencia dese bip.

Ibid., pp. 281-282

Gústame ir a Sober. Gústame durmir dez horas dun tirón. Gústame os bosques, os muros ateigados de musgo. Gústame pasear entre as vides. Gústame.

Ibid., páx. 300

Ai, Carmela. Que morea de sentimentos contradictorios. Felicidade, por suposto, ao ver esa cousiña engurrada, pequena, vir ao mundo... pode máis a alegría. A ilusión de ver a Rodrigo e a Ramón coa súa filla no colo.

Acabo de inaugurar un novo estado mental. A felidez. A felicidade absoluta tinguida dunhas pingas de nostalxia e un pouquiño, só un pouquiño, de tristeza. Polos que non estades. Por non estar programada para ser nai desa criatura fermosa.

Pero feliz, porque todo pasa por algo, Carmela.

Ibid., páx. 305

María Xosé QUEIZÁN (Vigo, 1939)


Casualmente puiden coñecer na infancia o trato que lles deron aos mesgtrs e profesores expulsados dos seus postos oficiais polo franquismo. Tamén fun testemuña da alta formación que tiñan os mestres da República, a través da ensinanza de Dios, dios [alcume dun mestre de María Xosé Queizán], un excelente e culto profesor de quen aprendín múltiples materias, seguindo os meus libros *Lecciones de Cosas*, *Gramática castellana* e *Gramática francesa*. Teño moi boas lembranzas deste primeiro profesor e ben que me gustaría poderlle agradecer o labor pedagóxico que fixo comigo.



QUEIZÁN, María Xosé, "Libros importantes: O Quixote" in *Antoloxía do relato galego actual*. Miño, Xerais, Vigo, 2023, páx. 323

María REIMÓNDEZ (Lugo, 1975)

Poñer a felicidade
na beleza estándar do corpo
é apostar sempre
a cabalo perdedor.
Pois o tempo pasa
e non se detén
no seu único camiño
cara á putrefacción.




REIMÓNDEZ, María, *Moda galega reloaded*, Positivas, Compostela, 2014, páx. 60

Todo o mundo se laia da distancia que hai entre a cidade e o CUVI... A ela gústalle facer ese percorrido cada día no bus urbano... A ela gústalle a sensación descoñecida do bus urbano así que o vai coller a primeira parada... A universidade está “no monte”, di a xente. Ela non pode evitar sorrir, de regreso ás orixes. Adora o lugar, mesmo nos días escuros do inverno...
... non pode evitar pensar que tivo sorte, moita sorte, porque está onde quere e cada chanzo no camiño, cada decisión tomada, parécelle boa e iso é xa moito pedir...

Traballa porque lle gusta e daquelas todo se sente moi lixeiro... Sente que este é o seu lugar...

REIMÓNDEZ, María, *En vías de extinción*, Xerais, Vigo, 2012, pp. 26-28

Adela sorrí e mira para Mariña. A vida debería sen dúbida ser así, sinxela...



-Mais tu, ña filla, has herdar un mundo difrente no que poidas ser tu mesma.

E sorrí pensando na intriga de coñecerse, en saber como será esa persoa que hai xa días s que non lle pertence pero pola aque loitará o que haxa que loitar.

Manuel xoga coa pequena, que bota unhas gargalladas garatuxeiras e logo mira a Adela.

-Se cho saben os teus pais inda han dicir que sdon eu o pai dela.

E Adela bota unha gargallada sen máis...

Cando o 20 de novembro morre Franco, malia a incerteza, ela e Manuel brindan con licor de herbas na casa de abaixo e Adela percibe por fin algo de luz, luz inesperada pero luz que xa decidiu contemplar só dende ese lugar onde se atopa porque por unha vez na vida séntese no fogar, segura. E non vai deixar que ninguén llo arrebate, nin saír del para que llo transformen.

Ibid., pp. 173-174

-Unha persoa coma ti só pode saír dun lugar coma este -dille sorrindo.

Gaia sorrí tamén e sente que ese é o maior cumprido que lle puideron facer na vida, séntese comprendida nunha dimensión que só puidera compartir coa súa mai e con algúns animais...

...Non está mal desexar ser feliz, a vida non ten por que ser tan dura, díxérase.

Ibid., pp. 390-391



Eli RÍOS (Londres, 1976)

... “Disque mañá traen a teu pai para aquí e vannos poñer as camas ao carón”, e o sorriso luminoso contaxiou a Manuela de esperanza. *Polo menos, de estar no hospital, pois estar con quen acubilla os afectos*, pensou.

(RÍOS, Eli, “A chamada” in VV. AA., *Fisterra. Relato curto en Galicia*, Linteo, Ourense, 2022, páx. 385)

ROSANEGRA (Rosa Martínez Vilas, Armenteira, 1974)

Gústame sentirte dentro
moi dentro...
comer a túa carne
morder a túa lúa
lambela cando está
en fase crecente, meu amante.

Gústame ás duras
en posición erecta
cando me penetras
e achégaste ao meu sol
gústasme e o sabes...
e aproximome, chámote
dende a entrada...
Para posuírmonos e perdérmonos.

Gústame sentirte dentro.

Moi dentro.

In VV. AA., *Dezaoito*, edición dos autores, Círculo Poético Aberto, 2011, páx. 211




Chelo SUÁREZ (A Coruña, 1945)

Os peitos enormes, o ventre abultado de Giorgonna conmovéronse, pequeno terremoto, ao igual que a dobre papada.

Cun sorriso horrible, mirándoo malévola, a prea máis experimentada, gorda e decadente de toda Venecia díxolle:

-Agora que os escrupulosos coma ti me rexeitan, nobre Puliani, e a boca de abaixo se me perdeu entre tanta gordura, satisfago a miña voracidade pola boca de arriba, non negándome o antollo de comer canto me pete, nin o pracer de engulir vergas, sexa cal sexa o seu tamaño e textura. Achégate, home sen rostro, e catarei a túa!

SUÁREZ, Chelo, *A venus de Cristal*, Xerais, Vigo, 2008, páx. 46



Marga do VAL (Vigo, 1964)

O riso

Coas súas mans

fan as monxas encerradas peixiños de améndoa

que as devolven ao río

Na súa horta aberta ao sol

as súas túnicas abanan felices

Exiliadas na cidade

saben que contra o barolo

é o sol un santo remedio

Coas súas mans

fan as monxas encerradas peixiños de améndoa

e ofrécenlle á cidade

o seu riso.



VAL, Marga do, *A cidade sen roupa ao sol*, Espiral Maior, Culleredo, 2010, páx. 69



Rexina VEGA (Vigo, 1966)

... Ela, como unha Xoana de Arco coa espada flamíxera do seu boli vermello, calcando con forza o algarismo que certifica a ineptitude. Recoñece que poucas cousas hai no mundo que lle dean máis pracer que ese xesto de poder.

(VEGA, Rexina, “A catedrática” in VV. AA., *Fisterra. Relato curto en Galicia*, Linteo, Ourense, 2022, páx. 427)

... ela si que sabe diso, sabe que hai que pelexar, que para cada norma, para cada pequena cláusula existe unha excepción que senta xurisprudencia. So é cuestión de atopar o flanco débil, o lugar por onde rompe, ela sabe, abofé que sabe diso, é unha experta en furar e desfacer, toda a vida nos xulgados, contra todos, contra calquera. É por iso mesmo, por esa facultade litigante pola que lle teñen respecto, pola que lle teñen medo. Gústalle tanto observar ese medo na cara dos mediocres aos que apunta co seu dedo flamíxero, ela sobre todos, poñendo orde, limpando o mundo...

... Como vai acabar ela, a gloria de súa xeración, escoltada por dous macacos analfabetos que nin tan sequera foron quen de rematar a ESO? Ante esa imaxe, inconcibible, dá en botar unha gargallada, un chorro sonoro de máquina avariada, como a dunha estragada autómatas nunha vella feira de atraccións.

Ibid., pp . 428-429

... A catedrática nunca soubo o que é un conector. De feito, a catedrática despreza os conectores. Como a despreza a ela. Rosario é dócil e ten medo. Iso gústalle á catedrática...

... O home que entra chámase Manuel, Manuel Cabezón. É especialista en análise do discurso...Manuel aínda non é profesor titular. Leva moios anos traballando, pero aínda non conseguiu a “súa” praza. Por iso se ofrece á catedrática, que o despreza, para ser violento por ela. Así que cada vez que a catedrática enceta unha pelexa, Manuel acompañaa, pon cara de ferreiro e berra moi alto cuestións relativas á análise do discurso, esa cousa que aínda non acaba de entender. Iso gústalle á catedrática.

Ibid., pp . 430-431

Carmen VILLAR ALONSO (Zürich, 1974)

31

queremos regresar
ao paraíso

desfacer a entropía
e converter
o príncipe en ra
cun simple bico

queremos volver
ao paraíso

devolver
á árbore a mazá,
devorar as miguiñas
de pan,
cambiar cada final
mal escrito

33

non sabiamos
que eramos felices

nunca se sabe
cando importa sabelo

é unha desas cousas
que só sabes como pasado:
cando o que importa
falta

eramos felicies:
sobrábannos
mar



vento
e estrelas

había dabondo
para compartir

e a luz do sol
pintábanos a cara

71
somos o creador
e o creado,
o pecador
e o pecado,
o dono
e máis o escravo

somos abreinte
e solpor,
pracer
e dor,
sabedoría
e engano

78
ser libre:
decidir a obra,
escoller o papel
e elixir o escenario

aínda que o final
non o escribamos

VILLAR ALONSO, Carmen, *Os mil e un días*, Xerais, Vigo, 2023, pp.: 71, 75, 151 e 165

Antía YÁÑEZ (Burela, 1991)

-Mira, rapaz, alégrame saber que non me consideras unha racista, pero teño que marchar -dígolle.

YÁÑEZ, Antía, *Non penses nun elefante rosa*, Xerais, Vigo, 2022, páx. 23

Métome na bañeira. Xa debe estar a auga ben quente. Non puxen o tapón, así que varios litros marcharon polo desaugadoiro abaixo... Non podo facer un uso responsable de algo que é pura supervivencia mental. Pecho o biombo da bañeira e abáixome ata que sento e mollo a pel. Deixo a billa aberta mentres me enxaboo. Gústame o vapor da auga quente.

Ibid., pp. 28-29

Doulle as grazas cun sorriso cando remata de servirme. Chíscame un ollo. Non sei como reaccionar. *Gústache, Aurora? Queres fodela?* Nunca me deitei cunha muller... E se son lesbiana e non o sabía?... Gustaríame?...

Un rapaz de ombros anchos e pelo que de tan louro é case branco colócase a carón de min para pedir bebida. Obsérvame cun sorriso nos beizos. Analízoo... brazos fortes, musculados. Gústanme eses brazos. Aí non hai dúbida ningunha, non coma coa camareira. De feito, non necesito poñerme a imaxinalo, teño o cerebro apagado. Devólvolle o sorriso.

Ibid., pp. 40-41

... E se lle gusto, que? Que pasa? Ambos somos persoas adultas, que carallo! Paseino ben e xa, por iso rematei aquí, no seu portal, pero iso non significa que teña que agradecerlle nada. Que si, que foi guai, pero non, por suposto que non. Non emitín ningún sinal de apareamento, que eu saiba.

Ibid., páx. 121



... pero por primeira vez en moito tempo sinto que o único que estou a facer é deixarme levar, sen pensar noutra cousa que en desfrutar da compañía. Non quero determe en se hai ou non intencións sexuais. Estouno a pasar ben? Si, pois xa está.

Ibid., páx. 141

... A primera vez é a primeira vez por algo, porque case nunca se fan as cousas ben á primeira. Manda carallo, se o primeiro orgasmo que tiven na vida non tiña nin puta idea do que era! Porque si, con Fran tiven orgasmos. Con quen non os teño é cos tíos cos que ultimamente me relaciono, non sei por que, se están máis bos que Fran...

Ibid., páx. 155

Quero..., quero seguir falando con el. Quero seguir meténdome con el, e que el se meta comigo, e facelo sorrir, e rir os dous. E, sobre todo, quero seguir sentíndome así. Con esta dor no cu non, claro. Así, ben, contenta. E logo rabiar, pero que me pase, e volver estar contenta.

... Sinto un formigo no estómago... Sorrío. Porque me apetece sorrir, e porque me apetece dicilo.

Ibid., páx. 161

... Achégome e creo que os nosos corpos chocan demasiado forete, pero tanto nos ten. Somos todo lingua, e brazos, e roupa que voa, e caemos sobre a cama e rompemos a rir, medio en bólas, porque para iso estamos, para pasalo ben. Creo que nunca rin tanto fodendo. Porque iso é o que imos facer, foder, e apetécame moito. Cando por fin estamos espidos e todo, póñoame enriba del e bícolle o pescozo, e baio polo peito, e polo estómago -ten unha peluxe suave no embido que me fai cóxegas no nariz e rompo a rir de novo- e detéño me no baixo ventre. Dubido un segundo. Non noto a súa man na miña cabeza en ningún momento, só escoito a súa respiración acelerada. Apetécame facelo? Apetece. E disfrútoo.

Ibid., páx. 163

... Penso en nós ao comezo, en como tiñamos gana de deitarnos todos os días, a todas as horas. Como o desfrutaba. El e eu, os dous... En como darlle pracer a el facía que eu tamén o sentise. En como velo a el afanarse por compracerme me volvía tola.

Ibid., páx. 265

Estou emocionada, non podo negalo, e doiulle as grazas mil e unha veces a miña nai...

Lembro a primeira vez que me levou a facer a cera, como me sentín ao saír de alí cos poros sangrando e os pelos no seu sitio: no lixo. Foi o día máis feliz da miña vida. Vale, o máis feliz non, pero un dos máis si. Saber que aquilo tiña solución, que a miña deformidade podía arranxarse.

Ibid., páx. 309

... sinto, de verdade, terte xulgado con tanta severidade, non era a miña intención, non sabía...

Séntese culpable? Aquí non hai culpas:

-E María e Azu?

-Que pasa con elas?

-Tamén crían que pasaba algo raro?

Sorrí:

-A ninguén lle pode doer o estómago tantas veces en tan pouco tempo, Aurora.

-Manda carallo, e eu pensando que disimulaba...

E rimos. E foi un riso deses que pesan pouco, que saen dos beixos e se elevan, sen lastre ningún que os amarre á terra.

Ibid., páx. 373

... [O monitor] Sorrí todo o tempo. A min tamén me sorriu todo o tempo e non son tan guapa. Débenlle pagar por sorrir... O home sorrille á moza unha última vez...

-Mira, perdoa -el levanta a cabeza e sorrime...

Calo e sorrío de xeito tímido...

... Chegamos á máquina e comeza a explicarme cousas, pero eu só lle sei mirar o cu, os beixos, os ollos...

Fago o que me di en modo autómatas e vexo como as súas mans rematan no meu talle. A respiración acelérase, pero en plan ben. Canto tempo había que non acontecía iso? En plan moito-máis-que-ben?

... E pon a man dereita sobre o meu estómago e eu coido que o ximnasio desaparece ao meu redor. Míroo á cara e creo que me poño vermella, cando iso non me pasaba xa desde non sei cando... Sorríolle. Creo que lle sorrío, vaia, aínda que estou demasiado ocupada apertando as pernas para que non se me caian as bragas.

... E sorrí. Sorri-me, a min. Pordiós, onde van as bragas xa, nos nocellos!

(Ibid., pp. 382-385)

